

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE CENTROS DE MENORES PARA O EQUIPAMENTO DE RECURSOS DE PROTECCIÓN Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica, ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

A Asociación galega de centros de Menores (AGACEME), con número de rexistro



82000167, no depósito de Estatutos de Organización Sindicales y Empresariales, del Ministerio de Trabajo Y Economía Social, con data 03/04/1998, e que así mesmo figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) con data de inscrición 24/05/2021 e co código E7281, é unha asociación patronal, ao amparo da Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro, que desenvolve as actividades no ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia, sendo o seu ámbito profesional a atención á infancia, xuventude, adolescencia e as súas familias.

O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación



e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación (*Boletín Oficial del Estado* número 103, do 30 de abril de 2021).

Este convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, encaixa na liña de investimento I1 (Plan apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía) do dito Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en concreto no proxecto número 4 (modernización da flota de vehículos dos centros titularidade de entidades de iniciativa social), incluído no compoñente 22: Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión, e na liña de investimento I2 (Plan de modernización dos servizos sociais: transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia) do dito Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en concreto no proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia), incluído no compoñente 22: Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión, segundo o anexo I do convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 27 de agosto de 2021, e publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 230, do 25 de setembro, pola Resolución do 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a recuperación e resiliencia (MRR).

Esta actuación contribúe á consecución dos fitos 323 e 325 establecidos no Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes del Mecanismo para la Recuperación y Resiliencia (Resolución do 11/09/2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, BOE núm. 230 do 25 de setembro)

Fito 325 Execución de proxectos para a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e para a modernización das infraestruturas e os servizos asociados á protección residencial e as familias de acollida.

Fito 323 Plazas residenciais, non residenciais e en centros de día.



O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados do equipamento dos recursos do sistema de protección á infancia e á adolescencia, en concreto, dos centros de menores xestionados polas entidades que forman parte da dita asociación.

A mencionada subvención permitirá garantir o benestar dos nenos, nenas e adolescentes a través do acondicionamento e equipamento de espazos nos que desenvolven a súa vida diaria.

1. Considéranse actuacións subvencionables os gastos derivados da execución do proxecto, por parte da entidade, Asociación Galega de Centros de Menores, consistente no equipamento e acondicionamento dos recursos de protección á infancia e á adolescencia xestionados polas entidades que forman parte da dita asociación.

En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

a) Acondicionamento dos centros do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

b) Adquisición e mellora de bens de equipamento precisos para o desenvolvemento da vida diaria nos centros dos nenos e nenas do sistema de protección de menores e da infancia

c) Adquisición de vehículos eficientes enerxéticamente e de etiqueta 0, precisos para o desenvolvemento das actividades dos nenos e nenas do sistema de protección de menores e da infancia.

2. Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.



3. Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

As actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a Asociación Galega de Centros de Menores xunto coa Plataforma de Organizacións da Infancia son as dúas entidades existentes en Galicia que xuntas aglutinan a totalidade de entidades que xestionan os recursos do sistema de protección á infancia e adolescencia. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

